



Decreto /....., do.... de....., polo que se aproba o regulamento da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

Exposición de motivos

A Disposición Final terceira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia faculta ao Consello da Xunta para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da citada Lei sexan precisas.

No marco da antedita habilitación, é oportuno e necesario o desenvolvemento regulamentario da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, ao fin de contar cuns instrumentos normativos que permitan adecuar a normativa legal de aplicación, aos requirimentos que a reestruturación parcelaria do campo galego demanda.

Ata a entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, o marco normativo da reordenación parcelaria viña dado pola Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro e, suplementariamente, pola Lei preconstitucional de reforma e desenvolvemento agrario, do 12 de xaneiro de 1973. Todo iso consecuencia da asunción estatutaria das competencias en materia de agricultura e gandería.

A Comunidade Autónoma de Galicia, consciente da necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural, está a dotarse dun conxunto de normas xurídicas propias que xunto coa Lei 4/2015, do 17 de xuño, e o Decreto 19/2017 do 16 de febreiro, que regula a forma de designación e o réxime xurídico dos comités técnico asesores de reestruturación parcelaria, e iniciativas futuras, constitúen un corpo xurídico coherente e eficaz para a regulación de todas as actividades da Administración Pública sobre o espazo agrario e dos seus sistemas produtivos.

Con independencia da necesidade de dar cumprimento ao mandato previsto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, existen razóns de orde práctica que aconsellan aprobar un regulamento de desenvolvemento, fundamentalmente naquelas materias nas que é posible avanzar solucións xerais que permitan unha xestión máis áxil e eficaz do procedemento de reestruturación parcelaria. Xunto coa Lei, este texto está chamado a converterse no marco legal de aplicación máis completo posible, dos diversos procesos de mellora da estrutura agraria, polo que vai contribuír a reducir a incerteza sobre moitas cuestións e, se cabe, dotar de maiores garantías xurídicas o desenvolvemento dos devanditos procesos cun ánimo de estabilidade e permanencia.

De acordo co ata aquí exposto, e tendo en conta que a Lei 4/2015, do 17 de xuño, é unha lei cun forte contido procedimental, o regulamento que se aproba cumpre coa dobre función de desenvolver aquelas previsións na que dita Lei 4/2015, do 17 de xuño, require a participación dun regulamento de aplicación e, a súa vez, unha función que ten unha proxección innovadora, e que busca incorporar regras técnicas, procedementos e sistemas de xestión que



se traduzan en melloras substanciais na reestruturación territorial. O obxectivo é conseguir unha regulación completa da materia, garantindo o principio de seguridade xurídica.

O Decreto que contén un único artigo no que se aproba o Regulamento da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, articulase seguindo a estrutura da propia Lei, no ánimo de facilitar a súa comprensión, consulta e aplicación práctica.

O presente texto componse dun total de 82 artigos distribuídos en oito Títulos, unha disposición adicional única, unha disposición final e dous anexos. Así, o Título I contempla as disposicións xerais e define as diversas figuras que se recollen no texto legal; o Título II dedícase á regulación dos procesos de reestruturación parcelaria de carácter público, cunha regulación pormenorizada dos órganos competentes na materia. Á súa vez o Título III recolle o procedemento da reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polos particulares a través de agrupacións creadas para o efecto, o Título IV regula pormenorizadamente o procedemento de reestruturación mediante sistemas de permutas voluntarias, tanto con modificación xeométrica como sen ela. Pola súa banda o Título V completa a regulación normativa dos procesos especiais regulados na Lei 4/2015, do 17 de xuño.

Os Títulos VI, VII e VIII, destínanse a regular respectivamente, o réxime de obras, financiamento e axudas públicas e un pormenorizado tratamento das zonas de actuación intensiva.

Na tramitación deste decreto deuse trámite de audiencia ao Consello Agrario Galego.

Por proposta da conselleira de Medio Rural e en virtude das competencias que á Comunidade Autónoma atribúenselle no artigo 30. I.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confiren os artigos 26 e 37 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, de conformidade co ditame do / oído o Consello Consultivo de Galicia, despois da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día de de dous mil dezasete,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

Apróbase o Regulamento da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que se insire seguidamente, así como os anexos I e II.

Disposición adicional primeira. Modelos de tramitación

Os trámites de xestión en materia de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia contemplados na Lei 4/2015, do 17 de xuño así como neste decreto, axustaranse en todo momento aos modelos de tramitación, contidos no anexo II.



Disposición adicional segunda. *Ausencia de incremento de custos*

As medidas incluídas non presente decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán supoñer incremento de dotacións, de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o disposto neste decreto.

Disposición final primeira. *Habilitación normativa*

1. Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de desenvolvemento rural para que dite as disposicións necesarias en desenvolvemento do disposto no presente decreto.
2. Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de desenvolvemento rural para a modificación dos anexos deste decreto, sempre que dita modificación estea en consonancia co disposto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de dous mil dezasete.

Alberto Núñez Feijoo
Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural

Regulamento da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

TÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto do regulamento*

O este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 4/2015, do 17 de xuño, co fin de acadar os obxectivos xerais que nela se contemplan.

Artigo 2. *Procesos de mellora da estrutura territorial agraria*

Conforme co previsto no artigo 3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, este regulamento é de aplicación aos seguintes procesos de mellora da estrutura territorial agraria:



- a) Reestruturación parcelaria de carácter público.
- b) Reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.
- c) Reestruturación da propiedade mediante permutas.
- d) Procesos especiais inherentes aos casos dos proxectos de grandes obras públicas lineais e cotos mineiros.
- e) Actuacións intensivas en zonas rurais.

TÍTULO II

A reestruturación parcelaria de carácter público

CAPITULO I

Inicio do proceso

Artigo 3. Iniciativa para a reestruturación parcelaria

1. A Consellería competente en materia de desenvolvemento rural poderá levar a cabo a avaliación de cumprimento dos obxectivos xerais previstos na Lei 4/2015, do 17 de xuño, como paso previo a determinar a idoneidade dunha zona para ser obxecto de reestruturación parcelaria de carácter público, conforme ás seguintes iniciativas:

- a) De oficio, a iniciativa da Consellería competente en materia de desenvolvemento rural, a proposta do titular da Dirección Xeral competente por razón da materia.
- b) Mediante solicitude debidamente motivada do concello ou concellos en que se inclúa a zona para a que se propón a avaliación. A solicitude debe motivar expresamente que se cumpre algún dos obxectivos establecidos no artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.
- c) A proposta, polo menos, do 70 % das persoas titulares das explotacións agrarias inscritas nos diferentes rexistros oficiais que recollen as explotacións agrarias de Galicia e con actividade na zona para a que se propón a avaliación.

2. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, co fin de verificar o cumprimento da porcentaxe mínima a que se fai referencia, solicitará dos rexistros oficiais existentes, os datos relativos aos titulares de explotacións inscritas e que teñan as súas instalacións ou parcelas no ámbito territorial para o que se solicita a actuación.

Sección 1ª. Análise das solicitudes

Artigo 4. Análise das solicitudes de reestruturación parcelaria

1. As solicitudes de reestruturación parcelaria serán analizadas por parte do Servizo Provincial competente en materia de desenvolvemento rural, a fin de determinar o posible cumprimento dalgún dos obxectivos xerais a que se refire a Lei 4/2015, do 17 de xuño.



2. Aquelas solicitudes que segundo a súa análise, resultasen inicialmente adecuadas, serán incorporadas a un arquivo dependente da Dirección Xeral competente en materia de reestruturación da propiedade. Estas solicitudes terán validez durante un prazo de cinco anos a contar desde a súa inclusión no citado arquivo. Transcurrido este prazo producirase a caducidade das mesmas.

O arquivo a que se fai referencia neste apartado segundo, será publicado na páxina web da consellería competente en materia de medio rural.

3. No caso de que segundo a análise realizada, a solicitude presentada non cumpra con ningún dos obxectivos xerais determinados no artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, será arquivada sen máis trámite que a notificación ao solicitante.

Artigo 5. Procedemento de avaliación para o cumprimento dos obxectivos xerais

1. Para valorar a posible adecuación da zona aos obxectivos xerais a que se refire a Lei 4/2015, do 17 de xuño, levaranse a cabo polo servizo provincial competente por razón da materia, as seguintes actuacións:

a) Consulta aberta a todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas, por un prazo de 30 días naturais, para que poidan achegar as propostas que consideren e expresar a súa opinión sobre o procedemento de reestruturación. O devandito prazo comezará a contar desde o día seguinte á data que se estableza no aviso de inicio do período de consulta, que se publicará por unha soa vez -e para xeral coñecemento- no Taboleiro de Anuncios do Concello ou Concellos afectados, nos lugares parroquiais de costume, así como na web da consellería competente por razón da materia.

b) Consulta ao Comité Técnico Asesor sobre a idoneidade e oportunidade da solicitude.

2. Unha vez levadas a cabo as actuacións recollidas no apartado 1º do presente artigo, o Servizo Provincial emitirá un informe que conterá como mínimo:

- a) A delimitación inicial do perímetro da zona de reestruturación parcelaria sobre a que se quere actuar.
- b) As propostas de mellora que se considere que poden alcanzarse co procedemento de reestruturación parcelaria.
- c) A avaliación e valoración da solicitude proposta ou iniciativa solicitada, así como unha síntese do resultado da consulta aberta realizada.
- d) A documentación que dá cumprimento aos requisitos de solicitude establecidos no artigo 4 do este regulamento

Sección 2ª. Estudo previo de iniciación

Artigo 6. O estudo previo de iniciación



1. Superado favorablemente o procedemento de análise da solicitude a que fai referencia os artigos anteriores, poderá comezarse a elaboración do estudo previo de iniciación da zona de reestruturación por parte do servizo provincial correspondente e como consecuencia do mandato da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

2.O estudo previo de iniciación incluírá:

- a) Estudo de caracterización.
- b) Estudo de determinación do perímetro de reestruturación da zona.
- c) Delimitación do perímetro de solos de núcleo rural, urbano e urbanizable.
- d) Conclusións e avaliación global da viabilidade da zona para reestruturar.

3.Unha vez elaborado o estudo previo de iniciación, publicarase nos lugares establecidos no apartado 6 do artigo 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, no taboleiro de anuncios da Delegación Territorial da Xunta de Galicia no ámbito territorial da provincia que corresponda, así como na web da consellería competente por razón da materia.

4. Nas zonas cuxo estudo previo de iniciación indicase a non viabilidade da reestruturación parcelaria para a mesma, a Consellería competente, a petición dos interesados, poderá elaborar un informe orientativo das actuacións alternativas, que se enmarcarán dentro das previstas no artigo 5 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, ou ben calquera outro proxecto ou actuación cuxo fin sexa algún dos establecidos como obxectivos de reestruturación parcelaria incluídos no artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

Artigo 7. *Estudo de caracterización*

1. O estudo de caracterización, ten como obxecto a recollida dos datos necesarios para a valoración da viabilidade técnica, social, económica e financeira do proceso de reestruturación.

2. Para a elaboración do estudo de caracterización, realizaranse todas aquelas accións que resulten necesarias e entre elas:

- a) Enquisa e traballo de campo con veciños, veciñas e persoas coñecedoras da zona, na que consten o grao de interese e os obxectivos esperados co proceso de reestruturación.
- b) Potencialidade agraria da zona.
- c) Actividade agraria da zona de actuación e a existencia de profesionais agrarios que se dedican á comercialización.
- d) Existencia de deficiencias estruturais das explotacións agrarias
- e) Dinamismo do territorio e poboación.
- f) Sensibilidade ambiental e patrimonial.
- g) Posibilidade de mitigar os efectos negativos do cambio climático.
- h) Análise das explotacións e proxectos agrarios firmes con interese no proceso.
- i) Relación de entidades e actores relevantes.
- j) Avaliación financeira do proceso



k) Calquera outro estudo relevante para o proceso ou que a lexislación sectorial determine como necesario.

Artigo 8. Estudo de determinación do perímetro de reestruturación da zona

1. O estudo de determinación do perímetro de reestruturación da zona, estará formado pola delimitación do contorno da zona de reestruturación, que conterà a superficie de terreos, así como información cartográfica precisa sobre o seu deslinde perimetral e a delimitación da zona de reestruturación, incluíndo a delimitación precisa dos elementos de especial protección de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico, forestal, mineiro, ecolóxico, ambiental e calquera outro que a normativa sectorial vixente determine.

2. Para a determinación do perímetro teranse en conta as cartografías dispoñibles e solicitaranse informes de conformidade co disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño. Así mesmo teranse en conta as cartografías catastrais e os límites de zonas previamente concentradas ou con reestruturación en curso cuxo perímetro sexa limítrofe.

3. Sempre que sexa posible estableceranse os límites do perímetro por elementos xeográficos naturais ou artificiais. A este fin traballarase cos límites establecidos tanto catastralmente como en procesos de reordenación limítrofes.

4. Á vista dos informes solicitados, determinaranse os elementos de especial protección existentes dentro da zona de reestruturación e o seu grao de protección, que pode tratarse tanto de definición de normas de protección simples, como restrición da rede viaria ou mantemento da tipoloxía de parcelas previas, ata a non inclusión completa, dependendo da afectación. En todo caso, levarán a cabo a delimitación tendo en conta a especial protección dos elementos de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico, forestal, áreas afectadas por prospeccións, autorizacións, concesións mineiras e ambientais.

Artigo 9. Delimitación do perímetro de solos de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable

1. Para a elaboración do estudo previo de iniciación, realizarase unha delimitación do perímetro do solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable que se atopen dentro do perímetro de reestruturación parcelaria.

2. Á hora de realizar a delimitación destes perímetros teranse en conta os plans xerais de ordenación municipal e de non existir os mesmos, as normas subsidiarias que resulten de aplicación. Para iso, solicitaranse os informes necesarios de conformidade co artigo 9.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

Artigo 10. Conclusións e avaliación global da viabilidade da zona para reestruturar



1. O servizo provincial encargado do estudo previo de iniciación levará a cabo unha avaliación global da viabilidade da zona para reestruturar, cuxo contido mínimo será o establecido no artigo 9.5 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, sen prexuízo de todos aqueles informes e estudos que se consideran necesarios por parte do persoal técnico.

2. Nas conclusións do informe, se do mesmo resultase a non viabilidade do proxecto, poderán recollerse as posibles alternativas para proceder a unha mellora estrutural e socioeconómica da zona.

CAPÍTULO II. **Órganos competentes en materia de reestruturación parcelaria**

Artigo 11. Órganos competentes en reestruturación parcelaria

A execución do proceso de reestruturación parcelaria levarase a cabo, segundo o disposto no artigo 13 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, pola consellería competente en desenvolvemento rural, a través da dirección xeral que corresponda por razón da materia, que actuará a nivel provincial a través do servizo competente en materia de reestruturación parcelaria, auxiliado por:

- a) O comité técnico asesor de reestruturación parcelaria.
- b) A xunta de titulares.
- c) A xunta local de zona.
- d) O grupo auxiliar de traballo.

Artigo 12. Conflito de intereses

Os membros da xunta local e do comité técnico asesor absteranse de intervir, ausentándose das reunións, por concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ter interese persoal no procedemento de reestruturación.
- b) Ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter algunha cuestión litixiosa pendente con algunha persoa interesada.
- c) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, coas persoas administradoras de entidades ou sociedades interesadas e tamén coas persoas asesoras, representantes legais ou mandatarias que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estas para o asesoramento, representación ou mandato.
- d) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- e) Intervir como persoa perito ou como testemuña no procedemento de reestruturación de que se trate.



f) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no procedemento, ou prestar servizos profesionais para os mesmos nos dous últimos anos.

Sección 1ª. Comité técnico asesor de reestruturación parcelaria

Artículo 13. Réxime xurídico

O funcionamento dos comités técnico asesores adecuarase ao establecido no Decreto 19/2017, do 16 de febreiro, polo que se regula a forma de designación e o réxime xurídico dos comités técnico asesores de reestruturación parcelaria.

Non obstante o anterior, no caso da designación do representante en materias nas que poidan confluír distintos organismos coa mesma competencia no ámbito provincial, será nomeado aquel que de común acordo determinen os devanditos organismos e sendo posible, a súa rotación no cargo.

Sección 2ª. Xunta de titulares

Artigo 14. Constitución

1. Comunicada ao concello ou concellos afectados polo proceso de reestruturación, a firma do acta de inicio dos traballos, a que fai referencia o artigo 19 de Lei 4/2015, do 17 de xuño, estes publicarán un edicto mediante o cal se poñerá en coñecemento de todas as persoas interesadas a declaración por decreto da zona de reestruturación parcelaria, requiríndolles para que acrediten o seu dereito para formar parte da xunta de titulares.
2. O concello ou concellos afectados -unha vez realizadas as comprobacións que consideren oportunas- elaborará o censo que constituirá a xunta de titulares.
3. A convocatoria da xunta de titulares para a elección dos seus representantes na xunta local, levarase a cabo polo menos con quince días de antelación á data da súa celebración e na mesma deberase indicar o lugar, día e hora desta, sendo obxecto de exposición pública nos lugares de costume da parroquia ou parroquias afectadas, así como no taboleiro de anuncios do Concello ou Concellos afectados polo proceso de reestruturación.
4. Para a válida celebración da xunta de titulares será necesaria, en primeira convocatoria, a presenza da maioría dos seus membros. En caso de non acadar dita maioría, realizarase unha segunda convocatoria 48 horas despois, na que non será necesaria a existencia de quórum para a súa celebración.

Artigo 15. Elección dos representantes da xunta de titulares



1. Serán elixidos como representantes da xunta de titulares para a xunta local, catro vocais e catro suplentes.

Na elección dos vogais e suplentes procurarase que das catro vogalías, dúas sexan ocupadas polos titulares de explotacións agrarias con terras afectadas polo proceso de reestruturación e as outras dúas por titulares dun dereito de propiedade ou de uso e goce de carácter agrario sobre as terras afectadas polo proceso de reestruturación.

No caso de que o proceso de reestruturación afecte a máis dunha parroquia, os vogais e suplentes o serán, no posible, proporcionalmente á superficie afectada en cada parroquia.

2. Poderán ser electores e elixibles aqueles membros da xunta de titulares que sexan maiores de idade e non estean afectados por causas de incapacidade ou incompatibilidade. No suposto de persoas xurídicas, as condicións de elixibilidade terán que reunir os representantes designados para asistir á xunta de titulares.

3. A opción de ser candidato a representante na xunta local terá carácter voluntario e en caso de non existir candidatos para cubrir a totalidade das vogalías, a condición de candidato adquirirase automaticamente ao ser membro da xunta de titulares. Neste último caso todos os membros da xunta de titulares pasan a ter automaticamente tal condición, se posúen capacidade para ser elixibles. .

4. Unha vez determinados os candidatos, procederase á votación, de acordo coas seguintes regras:

- a) Cada membro da xunta de titulares terá un voto.
- b) Os membros dunha propiedade en pro indiviso, incluídos os titulares de bens de carácter ganancial, serán considerados como unha única persoa para os efectos da votación.
- c) Resultarán elixidas as catro persoas que maior número de votos obteñan. Así mesmo, serán elixidos como suplentes os catro seguintes en número de votos.

5. En caso de esgotarse o número de persoas elixidas e os seus suplentes, procederase á elección de novos representantes da xunta de titulares na xunta local, conforme ás normas establecidas no presente texto legal.

6. Os acordos da xunta de titulares adoptaranse por maioría de votos das persoas presentes nas reunións.

Artigo 16. *Organización.*

1.-A xunta de titulares contará cun Presidente e un Secretario.

2.-Exercerá a Presidencia da xunta de titulares o alcalde do Concello afectado ou persoa en quen delegue.



No caso de tratarse de máis dun Concello, ostentará a presidencia a persoa que exerza a alcaldía do municipio con maior superficie afectada polo proceso de reestruturación parcelaria.

3.-A Secretaría será desempeñada por una persoa funcionario do Concello afectado na reestruturación, quen se encargará de, entre outras funcións, comprobar quen están incluídos no censo previamente elaborado e o dereito dos membros da xunta de titulares a formar parte desta, levantar acta das sesións que se celebren, dar fe das xuntas e dos acordos tomados.

No caso de que o proceso se desenvolva en máis dun Concello, a secretaria será desempeñada por una persoa funcionario do Concello con maior superficie afectada.

Artigo 17.- *Funcionamento*

1. A xunta de titulares poderá reunirse de forma extraordinaria cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- a) A solicitude de polo menos o 20% dos integrantes da mesma.
- b) Cando circunstancias excepcionais o fagan necesario.
- c) A solicitude da xunta local.

2. De producirse a inclusión no proceso de reestruturación parcelaria dun núcleo rural de conformidade co disposto no artigo 40 da Lei 4 /2015, do 17 de xuño, así como de modificarse o perímetro ou zona de reestruturación, as persoas titulares que inicialmente non formasen parte da xunta de titulares, pasarán a incorporarse na mesma ou, de ser o caso, procederase á súa exclusión se xa non ostentasen a condición de titulares.

Artículo 18. *Disolución*

A xunta de titulares, de carácter temporal, disolverase no momento en que se aprobe o Acordo de reestruturación parcelaria.

Sección 3ª. A xunta local

Artigo 19. *Natureza xurídica*

1. A xunta local é un órgano colexiado de carácter temporal, con funcións de cooperación, colaboración, informe e apoio no desenvolvemento do proceso de reestruturación parcelaria.

2. Os informes emitidos pola xunta local terán carácter facultativo e non vinculante, e serán emitidos a través de medios electrónicos, no prazo de dez días desde a súa solicitude e de non emitirse no devandito prazo seguiranse as actuacións pertinentes.

Artigo 20. *Constitución e disolución*

A xunta local constituirase nun prazo non superior a un mes, contado a partir do día seguinte á elección das persoas representantes da xunta de titulares, quedando disolta unha vez aprobado o Acordo de reestruturación parcelaria.



Artigo 21. *Organización*

1. A Xunta Local de zona é un órgano colexiado formado por:

- a) Presidencia.
- b) Secretaría.
- c) Asesoría.
- d) Vogalías

2. Ademais das funcións establecidas no artigo 16 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, correspóndelle á Xunta Local solicitar, por maioría dos seus membros, a celebración de reunións extraordinarias da xunta de titulares.

Artigo 22. *Presidencia*

1. Exercerá a Presidencia a persoa que ostente a xefatura do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, coas seguintes funcións:

- a) Representar á xunta local.
- b) Aprobar a convocatoria das sesións e fixar a orde do día, tendo en conta, no seu caso as peticións do resto dos membros da xunta local formuladas en tempo e forma.
- c) Presidir as sesións, moderar os debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir os empates co seu voto de calidade.
- e) Asegurar o cumprimento da normativa aplicable.
- f) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á Presidencia.

2. No caso de ausencia do titular, as súas funcións serán exercidas pola persoa por el designada.

Artigo 23 . *Secretaría*

1. Exercerá a secretaría a persoa designada polo titular da delegación territorial que corresponda entre as persoas funcionarias da consellería competente en materia de desenvolvemento rural que reúna a condición de licenciada en dereito.

A persoa titular da Secretaría participará nas sesións da xunta local con voz pero sen voto.

2. Baixo a dirección da Presidencia, a Secretaría asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Coordinar as tarefas encomendadas á xunta local, o calendario de celebración das reunións e os temas para tratar.
- b) Remitir aos membros da xunta local a convocatoria de sesións. As mencionadas actuacións realizánsese preferentemente por medios electrónicos.
- c) Arquivar e custodiar a documentación relativa aos traballos realizados.
- d) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á Secretaría.
- e) Levantar acta das reunións celebradas e dos acordos adoptados.



Artigo 24. *Vogalías*

1. Formarán parte da xunta local:

- a) A persoa que exerza a alcaldía do Concello ou concellos en que se sitúa a zona de reestruturación, ou quen esta designe.
- b) Catro persoas elixidas pola xunta de titulares conforme ao recollido no artigo 20 deste regulamento.
- c) A persoa técnica do servizo provincial encargado da zona, designada pola persoa que ostente a xefatura do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.
- d) A persoa técnico da oficina agraria comarcal correspondente á zona de reestruturación, designada pola persoa titular da xefatura territorial.
- e) A persoa que ostente a xefatura do servizo provincial competente en materia de montes ou persoa en quen este delegue.
- f) Unha persoa representante da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia.

2. No caso de que a zona de reestruturación afecte a máis dun Concello, formarán parte da xunta local as persoas representantes de todos os concellos afectados, incrementándose as vogalías no número correspondente.

Artigo 25. *Asesoría*

Ostentará a condición de persoa asesora da xunta local e actuará con voz pero sen voto, unha persoa do equipo técnico agronómico da empresa contratada, de ser o caso, para a realización material dos traballos de reestruturación parcelaria.

Sección 4ª. O grupo auxiliar de traballo

Artigo 26. *O grupo auxiliar de traballo*

O grupo auxiliar de traballo, coa composición e funcións sinaladas no artigo 17 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, é un órgano de carácter temporal, e disolverase coa xunta de titulares e a xunta local, no momento no que se aprobe o acordo de reestruturación parcelaria.

CAPITULO III

O procedemento de reestruturación parcelaria

Sección 1ª. Bases de reestruturación parcelaria

Artigo 27. *Acta de inicio para a execución das bases de reestruturación parcelaria*

1. Publicado o decreto polo que se declara a utilidade pública da reestruturación parcelaria para a zona, de conformidade co establecido no artigo 10 Lei 4/2015, do 17 de xuño, darase comezo á execución das bases de reestruturación parcelaria, sendo a acta de inicio dos traballos, o documento que determina a data de comezo.



2. O acta de inicio será comunicada á persoa titular da alcaldía do concello ou concellos afectados e publicada na páxina web da consellería competente en materia de desenvolvemento rural.

Artigo 28. *Execución das Bases de reestruturación parcelaria*

1. Unha vez asinada o acta de inicio dos traballos, procederase á execución das operacións necesarias para levar a cabo as bases de reestruturación parcelaria.

2. Os traballos que forman parte das bases de reestruturación parcelaria comprenderán:

- a) A definición do parcelario.
- b) A investigación da propiedade
- c) A clasificación de terras
- d) A redacción do plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.
- e) O documento- resumo, Boletín Individual da Propiedade, cos datos dos titulares de dereitos de propiedade ou de uso e goce.

Artigo. 29. *Boletín Individual da Propiedade*

1. Solicitados, todos os datos necesarios para a redacción das bases, o servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria, de ser o caso, procederá a inserir os avisos de exposición e enquisa pública a que fai referencia o artigo 42.1 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, durante un período de oito días para o xeneral coñecemento de todas as persoas afectadas polo proceso.

2. No prazo dun mes, a contar desde que finalice a publicación dos avisos de exposición e da enquisa pública, de conformidade co apartado anterior, procederase a facer entrega ás persoas titulares de dereitos de propiedade ou de uso e gozo de carácter agrario, ou aos seus representantes que así o soliciten, do documento - resumen no que se relacionan os datos que lles afecten. No aviso de exposición farase constar a data, lugar e hora nas que se inicia a entrega a todos os interesados, do documento-resumen, comezando a contar desde este día o prazo do mes anteriormente referido.

3. O documento- resumen ou boletín individual da propiedade, a que fai referencia o apartado anterior axustarase ao modelo recollido no Anexo I deste regulamento.

4. A Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural, a proposta debidamente motivada do Servizo Provincial, ordenará a repetición das actuacións de exposición e enquisa contempladas no artigo 19 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

Artigo 30. *Definición do parcelario*



1. Unha vez delimitado o perímetro de reestruturación, determinado polo decreto de utilidade pública, sen prexuízo das posibles exclusións e inclusións que se acorden, procederase á correcta delimitación cartográfica e determinación da totalidade das parcelas –e as súas superficies reais- incluídas na zona obxecto de reestruturación.

2. Na definición do parcelario constarán entre outros, as construcións existentes, a rede hidrográfica e viaria e os elementos topográficos singulares sempre que se constate a súa existencia.

3. O conxunto de planos parcelarios, formará parte da documentación que conforma as bases de reestruturación parcelaria, sendo o seu contido mínimo o previsto no artigo 22.1 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

Artigo 31. *Investigación da propiedade*

1.A investigación da propiedade, operación incluída nas bases de reestruturación parcelaria consistirá en:

a) A recollida dos datos persoais das persoas propietarias e das persoas titulares de cargas e gravames, así como, no seu caso, dos seus representantes legais.

b) A declaración, por parte das persoas titulares ou dos seus representantes legais, do dominio das parcelas de achega a favor de quen as posúa en concepto de dono e das súas cargas, gravames e demais situacións xurídicas que eventualmente poidan afectarlles no referente á propiedade, posesión ou aproveitamento. A correcta localización das citadas parcelas nos planos parcelarios será responsabilidade das persoas titulares ou dos seus representantes.

2. Publicado o decreto de declaración de utilidade pública da reestruturación parcelaria, o servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria realizará os traballos e investigacións necesarias para determinar a situación xurídica das parcelas comprendidas no perímetro da zona de reestruturación. Os traballos e investigacións necesarias levaranse a cabo aténdose ás instrucións que para cada zona estableza o servizo provincial.

3. Durante a investigación, as persoas propietarias e titulares de dereitos afectados na reestruturación están obrigados a presentar, se existiren, os títulos nos que funden os seus dereitos e declarar en todo caso, os gravames ou situacións xurídicas que coñezan e afecten as súas propiedades ou dereitos.

A falsidade destas declaracións dará lugar, con independencia das accións penais, a responsabilidades administrativas ás que haxa lugar así como a responsabilidade polos danos e prexuízos que se deriven da devandita falsidade ou omisión.



4. O servizo Provincial competente poderá requirir, en calquera momento, ás persoas propietarias e titulares de dereitos na reestruturación para que presenten os títulos e formulen as declaracións a que se refire o parágrafo anterior, advertíndolles das consecuencias da falsidade ou omisións.

5. As persoas titulares presentarán unha relación debidamente asinada dos terreos que achegan ao proceso de reestruturación e exhibirán e retirarán a documentación acreditativa do seu dereito para os efectos de declarar a súa propiedade, realizándose as anotacións oportunas.

Non obstante o anterior, en caso de discordancias na titularidade, requiriráselles aos interesados a achega de toda aquela documentación que acredite o dereito que declara ostentar no proceso de reestruturación, incorporándose copia ao expediente.

6. A relación de parcelas achegadas ao proceso deberán estar debidamente identificadas, parcela e polígono, de acordo co parcelario da zona.

7. Para efectuar as operacións de reestruturación, non será obstáculo a circunstancia de que os posuidores das parcelas afectadas carezan do correspondente título de propiedade.

Artigo 32. *Discordancias entre os interesados*

1. Manifestada no período de investigación unha discordancia entre persoas interesadas, apoiada en principios de proba suficientes, sobre parcelas cuxa inscrición non figure no expediente, farase constar dita discordancia nas bases de reestruturación parcelaria, sen prexuízo de dar preferencia ao posuidor en concepto de dono.

2. Aqueles titulares que teñan os seus dereitos inscritos no rexistro da propiedade ou traian causa dos mesmos, se apreciasen contradición entre o contido dos asentos rexistrais e a atribución provisional da propiedade ou outros dereitos, consecuencia da investigación, poden achegar certificación rexistral dos asentos contraditorios e toda aquela documentación que lle acredite como titular.

3. Sempre que durante o período de investigación se téña coñecemento, respecto dunha parcela determinada, da existencia dunha discordancia entre o rexistro da propiedade e a investigación realizada, solicitarase de oficio, de non constar no expediente, a certificación rexistral correspondente.

4. En caso de discordancia será preceptiva a achega da documentación acreditativa dos dereitos de cada persoa propietaria. De non achegarse esta teráselles por desistidos.

Unha vez achegada a documentación, procederase ao seu exame e de non concluír fidedignamente a acreditación da titularidade, na fase de acordo, adxudicarase ao boletín de titularidade descoñecida.



5. Entenderase acreditado o dereito duna persoa propietaria cando se achegue ao expediente calquera documento fidedigno sobre o recoñecemento do dereito discutido.

Artigo 33. *Parcelas sen dono coñecido*

1. As parcelas cuxa titularidade non fose posible determinar no período de investigación da propiedade, ou sobre as que non exista persoa declarante algunha, serán relacionadas como de titularidade descoñecida, consignando no seu caso as situacións posesorias existentes.

2. Nas parcelas relacionadas como de titularidade descoñecida, consignaranse as discrepancias, discordancias, situacións posesorias, títulos existentes, duplicidades de títulos ou calquera outra circunstancia, que motivase a determinación da mesma como descoñecida. En caso de duplicidades de títulos, esta circunstancia acreditarase documentalmente no expediente de reestruturación.

3. As parcelas de titularidade descoñecida, non serán inscritas no Rexistro da Propiedade sempre que non se acredite fehacientemente a titularidade.

4. Para incluír calquera titularidade discordante en boletín de titularidade descoñecida, precisárase informe xurídico previo da xefatura territorial correspondente, tanto para as discordancias non resoltas coa documentación achegada, como para aquelas nas que non se achegou documentación algunha.

5. A Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural estará facultada, dentro dos cinco anos seguintes á data de protocolización da acta de reorganización da propiedade da zona, para recoñecer o dominio destas parcelas a favor de quen o acredite suficientemente, e para ordenar, que se protocolicen as correspondentes rectificacións da acta de reorganización da propiedade, expedíndose copia notarial, que será título suficiente a efectos da súa inscrición no rexistro da propiedade.

Artigo 34. *Copropiedade*

1. Respecto das copropiedades, figurará a cota que corresponda a cada persoa condueño sempre que se solicite pola maioría dos partícipes, ou o solicitante represente á maioría destes.

2. Nas comunidades hereditarias, sempre que estean debidamente constituídas, designarase unha persoa representante para todos os efectos do proceso. De non estar debidamente constituídas, os terreos achegados figurarán a nome do causante.

Artigo 35. *Clasificación das terras*

1. As parcelas achegadas ao proceso de reestruturación parcelaria, agruparanse por clases segundo a súa produtividade e cultivo, asignándose a cada clase un valor relativo, para o efecto de levar a cabo compensacións cando sexan necesarias. Para a clasificación das terras poderanse ter en conta:



a) A determinación, en función do seu valor agronómico e produtivo, das diferentes clases de terra existentes dentro da zona de reestruturación.

Para a determinación do número de clases de terra unha vez realizado o recoñecemento da zona, de común acordo co grupo auxiliar de traballo, acoutaranse os tipos de cultivos existentes na zona e dentro de cada cultivo determinaranse as clases dos mesmos.

Os tipos de cultivo e clases serán acoutados de tal forma que existan un número máximo e un número mínimo, os cales se definirán atendendo ás instrucións da dirección xeral competente en materia de Desenvolvemento Rural e o servizo provincial competente, para cada proceso de reestruturación.

b) A fixación, dos factores correctores en función da localización xeográfica das parcelas de achega respecto das zonas que poidan significar incremento ou diminución do seu valor por razóns non agrarias/extra-agrarias.

Os factores correctores aplicaranse tendo en conta todas aquelas circunstancias que impliquen unha modificación do valor das parcelas achegadas, entendendo por razóns non agrarias, todas aquelas circunstancias que afecten directamente á clase de terra e cultivo na que inicialmente foron clasificadas, ben sexan gravames ou dereitos sobre as mesmas.

As parcelas que se atopen dentro dun subperímetro de núcleo rural, poderán terse en conta factores correctores diferenciados.

c) A elección das parcelas tipo, que representen a súa respectiva clase de terra e sirvan de patrón de comparación.

As parcelas tipo determinaranse polo equipo técnico de traballo do servizo provincial encargado da zona, previo asesoramento do grupo auxiliar de traballo. Para a determinación das parcelas tipo teranse en conta os valores agronómicos e edafolóxicos da zona de reestruturación.

d) A fixación dos respectivos valores de compensación ou puntuacións unitarias por clase de terra, valores relativos que servirán de base para levar a cabo as compensacións que puidesen resultar necesarias.

Os valores de compensación determinánsense polo equipo técnico de traballo do servizo provincial, previa consulta do grupo auxiliar de traballo, tendo en conta os tipos de cultivo e as clases dos mesmos previamente establecidas.

Realizarase unha memoria na que constarán as clases de terra, valores e coeficientes de compensación.

e) A delimitación cartográfica das diferentes clases de terra en que poden estar divididas as parcelas de achega.

f) O cálculo do valor en puntuación de cada parcela de achega, obtido por produto das respectivas superficies de cada clase, os seus respectivos valores de compensación e, no seu caso, os factores correctores que lle puidesen resultar de aplicación.

O resultado obtido dos devanditos cálculos definirá o valor definitivo da parcela.



Artigo 36. *Factores correctores*

1. Poderanse aplicar factores correctores para calcular o valor definitivo dunha parcela dentro do proceso de reestruturación, se a mesma se atopa afectada por algún gravame, dereito, protección ou calquera outra circunstancia que modifique o seu valor.
2. Estes factores, de ser aplicables, determinaranse segundo a circunstancia que modifique o seu valor e aplicaranse á superficie afectada de cada parcela; todo iso de conformidade cos valores e coeficientes establecidos polo servizo provincial.
3. Os coeficientes correctores, aplicaranse directamente sobre a clase de terra inicialmente asignada á parcela afectada, o que pode conlevar que se produza unha alteración da clasificación da terra e en consecuencia dos valores iniciais de compensación.
4. A clase de terra definitiva será o resultado de aplicar o factor corrector ao coeficiente da clase de terra asignado inicialmente na clasificación.
5. Se unha parcela se atopase afectada por máis dun gravame aplicarase o factor corrector de maior incidencia.
6. Os factores de corrección poderán ser de carácter agrario ou extra - agrario.
 - a) Dentro dos factores agrarios, ha de terse en conta, entre outros, as superficies que se atopen afectadas por calquera gravame que incida no seu valor, diminuindo o mesmo así como as construcións existentes, a rede hidrográfica e viaria e os elementos topográficos singulares sempre que se acredite a súa existencia.
 - b) Os factores extra - agrarios hanse de determinar polo servizo provincial competente, e, poderanse ter en conta, entre outros, os relativos aos acceso aos predios a través da rede de estradas xerais.

Artigo 37. *Plan ordenación de predios de especial vocación agraria*

1. O plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, redactarase con carácter previo á aprobación das bases de reestruturación, de conformidade co disposto nos artigos 20 e 21 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.
2. De ser o caso, formará parte do referido plan unha relación das solicitudes de inscrición no mesmo e un compromiso provisional de mantemento da iniciativa -por un período mínimo de quince anos a partir de que o acordo sexa firme-, debidamente asinados pola totalidade das persoas titulares ou os seus representantes legais.
3. O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria será sometido ao informe do comité técnico asesor e a exposición pública na forma sinalada no apartado 1 do artigo 42, da



Lei 4/2015, do 17 de xuño, por un período dun mes durante o cal poderán presentarse alegacións ao mesmo.

4. No procedemento de exposición a que fai referencia o apartado anterior, indicárase o día de inicio e fin do período do mes durante o que se poderán presentar alegacións ao plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

5. As alegacións presentadas serán estudadas e resoltas polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria que de ser estimadas serán incorporadas ao plan. En caso de ser desestimadas ou inadmitidas por extemporáneas, procederase sen máis trámite ao seu arquivo.

Artigo 38. *Modificación do Plan*

1. Unha vez aprobado o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria e durante a súa vixencia, poderá ser modificado cando as circunstancias así o demanden.

2. A modificación ha de estar debidamente motivada e as únicas circunstancias que poderán dar lugar a esta modificación serán de tipo agronómico ou económicas.

3. A modificación do plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, poderá iniciarse de oficio ou a instancia de parte.

O servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria poderá solicitar motivadamente a modificación do plan á Dirección Xeral competente, quen resolverá sobre a oportunidade da mesma a medio de resolución motivada.

De solicitarse a modificación do plan a instancia de parte, esta dirixirase ao antedito servizo provincial acompañada dun informe sobre as circunstancias que a xustifican, así como as posibles alternativas ao mesmo. Á vista da solicitude, o servizo provincial emitirá informe motivado, elevándoo á Dirección Xeral competente quen resolverá, e contra esta decisión non caberá interpoñer recurso administrativo algún.

4. De acordarse a modificación do plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, esta será sometida a exposición pública na forma sinalada no artigo 42.1 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, e publicada na páxina web da Consellería competente en materia de medio rural.

Artigo 39. *Integración no plan de ordenación de predios de especial vocación agraria*

1. Durante a elaboración dos documentos que compoñen as bases de reestruturación parcelaria abrírase un prazo de vinte días –cuxo inicio e fin virá indicado polo servizo provincial mediante o correspondente aviso no taboleiro de anuncios do Concello ou Concellos, a páxina web da consellería competente por razón da materia e nos lugares de costume- para a inscrición provisional no plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, das



explotacións agrarias, agrupacións de persoas titulares, iniciativas singulares e iniciativas de aproveitamento en común, interesadas en integrarse.

2. As condicións para a inscrición provisional no lan de ordenación de predios de especial vocación agraria, son as sinaladas en artigo 21 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

No suposto de cesamento de actividade e para o cumprimento do compromiso de manter o conxunto das terras en explotación conforme ao plan, o titular poderá optar:

- a) Polo arrendamento das terras polo período que reste ata completar o mínimo de quince anos desde que o acordo de reestruturación sexa firme, sempre e cando se cumpran as condicións de inscrición a que fai referencia o artigo 21 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.
- b) Pola súa incorporación ao Banco de Terras de Galicia conforme á normativa reguladora deste.

Artigo 40. Modificación do perímetro de reestruturación

Acordada pola Dirección Xeral competente a rectificación do perímetro de reestruturación parcelaria conforme co establecido no artigo 23 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, previo informe motivado do servizo provincial, comunicárase ás persoas titulares dos terreos afectados e publicarase na páxina web da consellería competente en materia de desenvolvemento rural.

Artigo 41. Montes veciñais en man común

1. Os montes veciñais en man común poderán incluírse nos procesos de reestruturación parcelaria conforme ao previsto no artigo 25 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

2. En caso de discrepancias sobre o deslinde das parcelas de monte veciñal en man común, cualificado como tal ou en trámites de cualificación, reflectirase na documentación do proceso de reestruturación parcelaria a determinación que dos lindes faga o órgano competente en materia de montes, mediante a solicitude de informe, que haberá de ser emitido no prazo dun mes desde a recepción da solicitude.

3. Transcorrido o devandito prazo sen que se teña emitido o mencionado informe, continuarase o procedemento realizando o deslinde en base ao parcelario existente no proceso de reestruturación.

4. O deslinde que resulte tanto no trámite de bases como no de acordo, no proceso de reestruturación será remitido ao órgano competente en materia de montes veciñais en man común, para que tras os trámites oportunos proceda a incorporalo os seus expedientes.

Sección 2ª. Preparación do acordo e predios de substitución



Artigo 42. Preparación do acordo de reestruturación parcelaria

1. Para a preparación do acordo de reestruturación parcelaria, as persoas titulares poderán poñer de manifesto, por escrito e de maneira razoada, as súas preferencias sobre a localización dos futuros predios de substitución. En ningún caso estas preferencias terán carácter vinculante nin condicionarán os resultados técnicos do proceso.

2. A solicitude a que fai referencia o apartado anterior admitirase a trámite durante o período de tempo sinalado polo servizo provincial competente, polo prazo de tres meses desde a data que figure nos avisos insertos, con arreglo ao disposto no artigo 42.1 da Lei 4/2015, do 17 de xuño. Este prazo comezará a contar desde a data que se determine no aviso anteriormente referido e, en todo caso, finalizará antes da aprobación do Acordo.

Artigo 43 Servidumes prediais

Polas esixencias da nova ordenación da propiedade, mediante resolución da dirección xeral competente por razón da materia e ata a firmeza do acordo de reestruturación parcelaria, poderán extinguirse, modificarse, ou crearse as servidumes prediais que se consideren necesarias.

Artigo 44. Xestión do fondo de masas comúns dependentes da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia

1. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia de conformidade co establecido no artigo 34.6 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, constituirá, cos ingresos obtidos da xestión dos predios integrantes das masas comúns procedentes dun proceso de concentración ou reestruturación parcelaria, e daqueles ingresos procedentes dos predios que xa forman parte do seu patrimonio e que se cualifiquen como aptas para os seus fins, un fondo para cada zona de concentración ou reestruturación parcelaria, con destino a melloras estruturais na zona.

2. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia establecerá un sistema de contabilización interna que reflectirá cada ano no seu contrato-programa, os beneficios obtidos por cada zona de concentración ou reestruturación parcelaria da cal procedan os predios da súa propiedade.

3. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia reflectirá, nun único proxecto contable pertencente ao Capítulo VI ou VII do orzamento de ingresos, todos os ingresos obtidos independentemente da zona de concentración ou reestruturación parcelaria da cal procedan.

4. O Consello de Dirección ou órgano competente do órgano da consellería con competencia na elaboración de estratexias e plans integrados que dinamicen o medio rural dispoñerá, na aprobación dos seus presupostos, a porcentaxe de fondos que irán destinados de maneira inicial ao Capítulo VI ou ao VII



5. Os ingresos obtidos da xestión de predios propiedade da entidade xestora do Banco de Terras e que non procedan dunha zona de concentración ou reestruturación parcelaria, serán destinados ao uso de calquera actuación ou actividade vinculada ao funcionamento da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia.

6. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, realizará unha previsión anual dos orzamentos do órgano da consellería con competencia na elaboración de estratexias e plans integrados que dinamicen o medio rural, para a súa posterior aprobación por parte do seu consello de dirección ou órgano competente, que permita identificar no seu capítulo de gasto correspondente, os fondos xerados polos predios procedentes ou non dunha zona de concentración ou reestruturación parcelaria.

7. Os fondos procedentes da xestión dos predios investiranse:

- a. A través da integración en liñas ou programas de actuación xa existentes e cuxas características se adapten á conveniencia dos mesmos.
- b. A través de convenios cos Concellos de actuación.
- c. A través de contratos propios de actuación.

8. Os fondos xerados poderán ser aplicados, entre outras, ás seguintes actuacións:

a) Ampliación das vías de comunicación, sempre que supoñan un incremento nas súas dimensións e que incidan directamente na seguridade viaria, permitindo o cruzamento de vehículos ou espazos necesarios en zonas curvas ou de escasa visibilidade, así como en punto*s de entroncamento. Tamén poderán incluír obras de ampliación da lonxitude cando o seu fin sexa enlazar con outra vía de acceso ben sexa principal ou secundaria.

b) Mellora das vías de comunicación, cando supoñan un reforzo do firme existente, coa incorporación de novas capas máis adecuadas ás características do tráfico rodado que soportan. Terán tamén esta consideración as obras de mellora da drenaxe, da seguridade viaria, reforzo de noiros, muros de contención, adecuación de obras de paso de cursos fluviais e reforzo de cunetas, así como aquelas que impliquen unha mellora da integración ambiental ou da sinalización da zona.

c) Mantemento e conservación das vías de comunicación, tanto do firme como das súas marxes, incluíndose a limpeza de noiros e cunetas e reforzo de terrapléns.

d) Calquera outra obra de mellora que conte cun informe de idoneidade da entidade competente por razón da materia e que estea directamente relacionada coa mellora estrutural da zona onde radiquen os predios.

e) Limpeza e mantemento dos predios propiedade da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia.

9. Os fondos existentes para cada zona serán acumulables por un período máximo de dez anos. Transcorrido devandito prazo sen que os mesmos se executaran, serán investidos obrigatoriamente por o órgano da consellería con competencia na elaboración de estratexias e



plans integrados que dinamicen o medio rural, para a execución de calquera das actuacións previstas no apartado anterior.

10. A actuación e o importe dos investimentos para realizar, así como o momento de execución das mesmas será determinado en todo caso polo órgano da consellería con competencia na elaboración de estratexias e plans integrados que dinamicen o medio rural.

Artigo 45 Toma de posesión provisional e reclamacións de superficie

1. Unha vez transcorrido o prazo para a presentación de recurso de alzada contra o Acordo de reestruturación parcelaria, e sempre que o número dos devanditos recursos presentados e pendentes de resolución non exceda dun 6 % das persoas titulares da zona, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural dará a toma de posesión provisional dos novos predios de substitución ás persoas adxudicatarias, previo replanteo das mesmas, sen prexuízo das rectificacións que procedesen como consecuencia da estimación dos recursos de alzada ou peticións presentadas.

2. Dentro dos dous meses seguintes á data en que se notifique a posta a disposición dos predios de substitución ás persoas titulares adxudicatarias para que tomen posesión das mesmas, poderá reclamarse, acompañando unha medición pericial asinada por persoa técnica competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable – segundo táboa recollida no artigo 37.1 da Lei 4/2015, do 17 de xuño- entre a medición in situ do predio de substitución sobre a que se reclame e a que conste no boletín de atribucións dos novos predios.

3. Se a data de notificación e a data establecida para a toma de posesión non son coincidentes, entenderase como día de inicio do prazo de dous meses indicado no parágrafo anterior, o que figure recollido na resolución ditada pola Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural

4. Cando se produza unha reclamación por falta de superficie en terreos de núcleo rural, -que afecte a leira única ou, existindo máis na atribución da persoa reclamante, non hai exceso de superficie- procederase á revisión do amolloamento das leiras incluídas no núcleo rural a fin de detectar a leira ou leiras con exceso de superficie, procedéndose á correcta colocación dos marcos dos predios afectados.

Artigo 46. Inclusión dos solos de núcleo rural no proceso de reestruturación parcelaria

Ata a aprobación do Acordo de reestruturación parcelaria, o Concello ou Concellos afectados polo devandito proceso, poderán solicitar a Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural, a inclusión de unha parte, un ou varios núcleos rurais.

A solicitude deberá ir acompañada dun plano onde de forma clara se delimite o terreo que se pretende incluír no proceso.



Artigo 47. *Tramitación da documentación*

A presentación da documentación acreditativa da titularidade de parcelas de achega admitirase a trámite antes da aprobación das bases de reestruturación e durante as datas fixadas previamente polo servizo provincial competente, datas que serán notificadas ás persoas titulares con quince días naturais de antelación mediante avisos insertos con arreglo ao disposto no artigo 42.1 da Lei 4/2015, do 17 de xuño. Este prazo comezará a contar desde a data que se determine no aviso anteriormente referido e finalizará coa aprobación das bases.

Todo o anterior, sen prexuízo dos expedientes de recoñecemento e cambio de titularidade, nos que a presentación da documentación acreditativa admitirase conforme ao disposto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, e o presente regulamento, para eses supostos.

Artigo 48. *Protección de datos de carácter persoal*

1. Ademais das previsións contidas no artigo 43 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, en canto á protección de datos de carácter persoal, os protocolos de protección de datos relativos ao manexo e custodia da información por parte das empresas contratadas para a execución dos traballos de reestruturación parcelaria, respectarán e aplicarán os códigos de conduta establecidos no Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, realizando a transferencia de todos os ficheiros, que conteñan información relativa ao proceso de reestruturación unha vez finalizado o contrato.

2. En caso de incumprimento das obrigacións normativas relativas a protección de datos, resultará de aplicación o procedemento de supervisión e réxime sancionador establecido na normativa para esta materia e de conformidade cos protocolos de actuación da Axencia Española de Protección de Datos ou organismo que lle substitúa.

Artigo 49. *Xestión electrónica*

O procedemento de xestión electrónica da totalidade do proceso de reestruturación parcelaria, establecido no artigo 44 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, realizarase de conformidade co disposto na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes dela, así como en toda aquela normativa estatal e autonómica de desenvolvemento.

TÍTULO III.

A reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.

*Artículo. 50. *Iniciativa*



As iniciativas de actuacións de reestruturación da propiedade de predios con vocación agraria polas persoas particulares serán solicitadas conforme ao disposto no artigo 45 e seguintes da Lei 4/2015, do 17 de xuño,

Artigo 51. Reestruturación de predios de natureza forestal

1. As iniciativas de reestruturación de predios de natureza forestal e con destino a aproveitamentos forestais deberán definir a delimitación cartográfica do perímetro de reestruturación e as áreas excluídas do proceso, ademais de acreditar na solicitude que a agrupación está constituída por un mínimo de tres titulares e o dominio das terras correspondentes a cada partícipe da agrupación. En todo caso, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- a) A superficie mínima obxecto de reestruturación será de 15 hectáreas, formada por un ou varios subperímetros dentro da zona de reestruturación parcelaria.
- b) A superficie constituída polos enclaves das persoas titulares alleas á agrupación non poderá superar o 30 % do conxunto das terras que serán obxecto de reestruturación.
- c) A xestión e o aproveitamento en común das parcelas de forma sustentable e viable.

Artigo 52. Inicio do procedemento de avaliación de actuacións de reestruturación da propiedade por persoas particulares

1. No suposto de actuacións de reestruturación da propiedade por persoas particulares, -que deberán constituírse nunha agrupación con personalidade xurídica a estes efectos-, solicitarán por escrito á Consellería competente en materia de desenvolvemento rural o inicio do procedemento de avaliación, para o que se achegará a documentación que xustifique o cumprimento dos requisitos esixidos.

2. Todas as solicitudes incorporarán un plan que reflicta a intención dos usos futuros do terreo.

3. As solicitudes incorporarán un compromiso de xestión e aproveitamento en común das parcelas de carácter forestal de forma sustentable e viable, salvo no caso de que a superficie destinada a forestal sexa inferior a 15 hectáreas.

4. Para a solicitude de iniciación do proceso, os solicitantes presentarán a correspondente petición ante o servizo provincial competente na materia, que deberá comprobar o efectivo cumprimento dos requisitos esixidos e remitir á Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural, proposta debidamente motivada sobre a solicitude efectuada. Á vista da proposta remitida, a Dirección Xeral resolverá estimar ou desestimar a solicitude.

3. A antedita resolución, será debidamente notificada tanto ao solicitante como ao servizo provincial competente, que no caso de ser estimativa da solicitude, iniciará o procedemento de avaliación.

Artigo 53. Financiamento



1. Corresponde á consellería competente en materia de desenvolvemento rural o abono, total ou parcial, dos gastos correspondentes ao proceso de reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.
2. En caso de pagos parciais ou anticipos, poderá abonarse, unha vez publicada a orde da consellería competente en materia de desenvolvemento rural á que fai referencia o artigo 48.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, ata o 50 % dos gastos orzamentados.
3. Para os efectos do disposto no apartado anterior, a agrupación solicitante deberá presentar aval bancario na Caixa Xeral de Depósitos por un importe do 110% da cantidade a anticipar.
4. Os custos xerais en caso de anticipo consistirán na execución do aval e, os custos do proceso de reestruturación, calcularanse de conformidade co artigo 73 deste regulamento.

TÍTULO IV.

Procedemento de reestruturación da propiedade mediante permutas voluntarias

Artigo 54 . Iniciativa

A reestruturación da propiedade mediante o sistema de permutas requirirá a iniciativa das persoas titulares dos predios obxecto do proceso, de conformidade co procedemento establecido neste título.

Artigo 55. As permutas

1. Naqueles terreos non incluídos nos procesos de reestruturación sinalados nos títulos II e III, da Lei 4/2015, do 17 de xuño, a consellería competente en materia de desenvolvemento rural poderá incentivar a mellora da estrutura territorial agraria mediante permutas voluntarias entre titulares de predios de vocación agraria.
2. A reestruturación mediante permutas voluntarias levarase a cabo, distinguindo se se trata de permutas que impliquen ou non modificación na xeometría dos predios resultantes.
3. A Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá autorizar as permutas voluntarias solicitadas polos particulares, impliquen ou non a modificación na xeometría dos predios resultantes, cando as mesmas teñan como obxecto a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia e sempre e cando cumpra con algún dos obxectivos xerais establecidos no artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.
4. A reestruturación da propiedade mediante permutas voluntarias non precisará de permisos nin licenzas de segregación ou agregación e a resolución aprobatoria será remitida ao Concello ou Concellos afectados, no prazo dun mes desde que se dite a mesma.

Artículo 56. Solicitude



As solicitudes de autorización de permutas voluntarias con ou sen modificación da xeometría haberán de ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do NIF ou CIF das persoas titulares que solicitan a permuta.
- b) Memoria na que se recollerá a relación de parcelas que se pretende someter ao procedemento de permutas.
- c) Acordo onde se recolla a constitución dun grupo de traballo adquirindo o compromiso, por todos os solicitantes, de levar a cabo a permuta, no caso de que a mesma sexa aprobada pola dirección xeral competente.
- d) Petición expresa, se procede, de apoio dos traballos de índole técnica, asesoramento e arbitraje para a execución das permutas solicitadas ou compromiso da execución do anteproxecto e trámites posteriores por medios propios.
- e) Declaración expresa, no seu caso, se os predios resultantes da permuta serán obxecto de incorporación ao Banco de Terras de Galicia.

CAPÍTULO I.

Reestruturación de permutas voluntarias sen modificación da xeometría dos predios

Artigo 57. Procedemento

1. A petición dun mínimo de dúas persoas titulares, poderase solicitar ante o servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural, a iniciación dun procedemento de permutas voluntarias sen modificación da xeometría dos predios resultantes, afectando a unha ou varias parcelas por cada unha das persoas peticionarias, que haberán de acreditar documentalmente a súa titularidade.
2. O servizo provincial competente ou a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, segundo os criterios dispostos no artigo 9.1.e) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras ou daquela normativa que a desenvolva, poderán realizar os pertinentes traballos de índole técnica, asesoramento e arbitraje con obxecto de proceder á autorización da permuta voluntaria solicitada, sempre que os mesmos sexan solicitados polos interesados e existan medios suficientes para realizalos.
3. As parcelas obxecto de permuta haberán de estar situadas na mesma parroquia ou en parroquias lindeiras, pertencen ou non estas a o mesmo concello. Do contrario, polo menos una das parcelas deberá lindar con outra propiedade dunha das persoas titulares, de maneira que a permuta mellore obxectivamente a estrutura da súa explotación.
4. Cando a diferenza de valor entre o conxunto de superficies achegadas por cada unha das persoas titulares implicadas no procedemento supere o 20%, deberá contarse co informe da xefatura ou xefaturas territoriais correspondentes que xustifique a viabilidade técnico - económica da devandita permuta, baixo o prisma de mellora obxectiva da estrutura da explotación.



5. A resolución aprobatoria será obxecto de protocolización notarial e inmatriculación rexistral a instancia da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.
6. A consellería competente en materia de desenvolvemento rural poderá establecer, no seu caso, liñas de axuda específicas de inmatriculación rexistral dos predios, sempre e cando estas se leven a cabo de conformidade co disposto no presente artigo.

CAPITULO II

Reestruturación mediante permutas voluntarias con modificación da xeometría dos predios

Artigo 58. Iniciativa

1. A petición dun mínimo de dúas persoas titulares, poderase solicitar ante o servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural, a iniciación dun procedemento de permutas voluntarias con modificación xeométrica dos predios resultantes, afectando a unha ou varias parcelas por cada unha das persoas peticionarias, que haberán de acreditar documentalmente a súa titularidade.
2. O servizo provincial competente ou a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia -segundo os criterios recollidos no artigo 9.1 e) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras- poderá prestar apoio nos traballos de índole técnica, asesoramento e arbitraje con obxecto de proceder á autorización da permuta voluntaria solicitada, sempre que os mesmos sexan solicitados polos interesados e existan medios suficientes para realizalos.

Cando a diferenza de valor entre o conxunto de superficies achegadas por cada unha das persoas titulares implicadas no procedemento supere o 20 %, ou algunha das parcelas sexa obxecto de incorporación ao Banco de Terras de Galicia, será preceptivo informe técnico-económico de viabilidade establecido no apartado 4 do artigo anterior.

Artículo 59. Tramitación da solicitude

1. O servizo provincial competente por razón da materia, unha vez recibida a solicitude de reestruturación mediante permutas voluntarias con modificación xeométrica, comprobará o cumprimento dos requisitos esixidos nos artigos 56 e 57 deste regulamento, e procederá á análise previa do cumprimento dos obxectivos xerais a que fai referencia o artigo 7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.
2. De resultar positiva a análise previa, o servizo provincial remitirá un informe proposta debidamente motivado, á dirección competente en materia de desenvolvemento rural, a cal á vista do mesmo acordará o arquivo sen máis da solicitude formulada ou a continuación do



procedemento coa presentación do anteproxecto a que se fai referencia nos artigos seguintes, acompañada do informe motivado sobre a adecuación do citado anteproxecto aos obxectivos da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

3.Unha vez determinado que o anteproxecto de reestruturación, cumpre cos requisitos e obxectivos establecidos legalmente, o proxecto será sometido á aprobación da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

Artigo 60.- *Anteproxecto de reestruturación*

1. O anteproxecto de reestruturación deberá conter como mínimo:

- Superficie de cada unha das parcelas a permutar debidamente acreditada.
- Estudo de clasificación de terras cando a diferenza entre o conxunto de superficies achegadas por cada titular supere o 20% do valor, ao obxecto de xustificar a equivalencia substancial, en menos dun 20 %, entre os valores agronómicos do conxunto das parcelas afectadas de cada titular.
- Identificación das cargas ou elementos existentes nas parcelas, así como calquera valoración extra-agraria que afecte ás mesmas.
- De existir camiños ou servidumes, de calquera clase, preexistentes que afecten directamente á permuta solicitada, tanto en relación co perímetro como coa modificación xeométrica, faranse constar expresamente, coa proposta realizada polos solicitantes, tendo sempre en conta o beneficio global da permuta e que a solución achegada implique o menor prexuízo para os predios lindeiros.
- Proposta do resultado final tras a reordenación da propiedade mediante as permutas voluntarias, coa aprobación expresa dos solicitantes.

Artigo 61. *Tramitación do anteproxecto de reestruturación*

1.A elaboración do anteproxecto levarase a cabo ben polos propios solicitantes ou a través do apoio do servizo provincial ou da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, prestado directamente ou a través de terceiros técnicos na materia, e previa resolución da dirección xeral competente concedendo devandito auxilio.

Se os interesados solicitasen os servizos de asesoramento e arbitraje ao servizo provincial competente, e o informe fose negativo, este será vinculante e non será posible realizar nova solicitude de auxilio, dentro dos cinco anos seguintes á devandita denegación.

2.No caso de que o anteproxecto se leve a cabo co apoio a que se fai referencia no apartado anterior, darase traslado do mesmo, con carácter de documento provisional, aos solicitantes para que, durante un período de 10 días a contar desde o día seguinte da entrega, poidan formular alegacións ao mesmo. Transcorrido devandito prazo, remitirano ao servizo provincial para a análise, no seu caso, das alegacións e elaboración do documento definitivo, que novamente será remitido aos solicitantes para que no prazo de dez días, achégueno con carácter de anteproxecto de reestruturación acompañado da súa aceptación expresa,



considerándose como proxecto definitivo. Será a consellería competente por razón de materia quen realice a reordenación da propiedade definitiva.

3.No caso de que o anteprojecto se leve a cabo sen o apoio da Administración, o servizo provincial ou, no seu caso, a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, comprobará a súa adecuación aos obxectivos xerais, tal e como se establece no artigo 7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

De non resultar conforme cos devanditos obxectivos, o servizo provincial correspondente emitirá informe motivado sobre os incumprimentos e erros existentes, que acompañado do anteprojecto devolverase aos solicitantes para que no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, realicen unha nova proposta introducindo no mesmo os cambios necesarios.

Se a pesar das modificacións introducidas persiste a súa falta de adaptación, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural -previo informe do servizo provincial- emitirá resolución denegatoria, contra a que caberá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de desenvolvemento rural.

Cando a solicitude formulada sexa denegada, procederase ao arquivo da solicitude sen máis trámite que a súa comunicación aos interesados, e dentro dos cinco anos seguintes non será posible presentar unha nova proposta sobre a mesma, salvo que se achegue para a súa nova solicitude unha proposta motivada na cal se poña de manifesto un cambio relevante nas condicións sociais ou territoriais e sen prexuízo de que na mesma se propoñan actuacións diferentes ás solicitadas inicialmente

CAPITULO III **Disposicións comúns**

Artigo 62. Resolución aprobatoria

A resolución aprobatoria ditada pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, supoñerá o final do procedemento e será equivalente á acta de reorganización da propiedade, na que se farán constar como mínimo as características da permuta e os predios debidamente xeorreferenciados.

A resolución aprobatoria da permuta será obxecto de protocolización notarial e inmatriculación rexistral a instancia da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural e en todo caso darase traslado da mesma aos Concellos afectados, rexistro da propiedade, así como á Dirección Xeral de Catastro, con obxecto de proceder ás anotacións e modificacións oportunas.



Artigo 63. *Control*

1. A consellería competente en materia de desenvolvemento rural poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos a fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a obtención da autorización do procedemento de permuta.
2. Os servizos técnicos da dirección xeral competente ou da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, poderán realizar as inspeccións que estimen oportunas, emitindo os informes relativos ao cumprimento dos obxectivos xerais establecidos no artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, así como de calquera dos requisitos esixidos no presente regulamento.
3. As persoas beneficiarias estarán obrigadas a colaborar na citada inspección, proporcionando os datos requiridos e facilitar, no seu caso, o acceso aos predios permutados.

Artigo 64. *Revogación da autorización de permutas voluntarias*

1. En caso de incumprimento do requisito relativo ao mantemento do destino agrario dos predios permutados, ou de calquera dos esixidos no presente Título para a autorización da permuta solicitada, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, iniciará expediente de revogación da autorización inicialmente concedida.
2. O prazo para resolver e notificar as resolucións será de tres meses contados desde o acordo de iniciación do expediente de revogación. A resolución que recaia é recorrible en alzada ante o órgano competente.
3. Da resolución definitiva de revogación da autorización darase traslado á dirección xeral competente en materia de tributos da consellería competente en materia de economía e facenda, para os efectos previstos na normativa vixente sobre bonificacións e exencións de permutas, así como aos Concellos afectados pola agregación ou segregación das parcelas e ao rexistro da propiedade para os efectos oportunos.

Artigo 65. *Axudas e exencións*

1. As permutas solicitadas ao amparo do presente título estarán exentas de tributación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. A autorización das permutas voluntarias de predios rústicos, para os efectos de solicitar a exención do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, corresponde á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, e notificaráselles ás persoas interesadas xunto coa resolución favorable ás permutas solicitadas.
2. A consellería competente en materia de desenvolvemento rural poderá establecer, no seu caso, liñas de axuda específicas para a inmatriculación rexistral dos predios resultantes da permuta solicitada, sempre e cando estas se leven a cabo de conformidade co disposto no presente Título.



TÍTULO V. Procesos especiais

Artigo 66. *Iniciativa*

Os procesos especiais de proxectos de grandes obras públicas lineais e cotos mineiros, adecuaranse en canto á súa iniciativa, ao establecido no artigo 58 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

Artigo 67. *Procesos especiais de reestruturación parcelaria*

Os procesos especiais de reestruturación parcelaria levarán a cabo conforme ao establecido no Título V da Lei 4/2015, do 17 de xuño, e as seguintes especificacións:

- a) A acreditación da porcentaxe mínima de propietarios que poden solicitar este proceso realízase conforme ao disposto no artigo 3.1 letra c) deste regulamento.
- b) No suposto de que as persoas titulares de explotacións agrarias opten pola compensación económica, a valoración realízase de conformidade co disposto na normativa vixente para a expropiación forzosa.
- c) No caso de que as persoas titulares de explotacións agrarias opten por recibir outra superficie equivalente en termos produtivos, procederase a realizar a operación de clasificación de terras de conformidade co artigo 4.8 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, aplicándose a estas parcelas as deducións que foren procedentes.

TÍTULO VI. Obras

Artigo 68. *Execución das obras*

1. As obras de reestruturación parcelaria de carácter público ou polos particulares, realízanse conforme ao establecido no Título VI da Lei 4/2015, do 17 de xuño, tendo en conta ademais as seguintes especificacións:

- a) As redes de camiños principais e secundarios poderán ser obxecto dun único ou de varios proxectos diferenciados.
- b) Os proxectos de actuación doutros organismos da Administración Autonómica ou de calquera outra Administración Pública, poderán quedar reflectidos no plan de obras, para o efecto de coordinación entre administracións.
- c) Tendo en conta as características propias de cada zona de reestruturación parcelaria poderán establecerse as obras de acondicionamento e mellora dos novos predios que poden ser obxecto de petición para a súa posterior execución.

Artigo 69. *Procedementos técnicos para a redacción do proxecto de obras*



Os proxectos de obras serán elaborados respectando como mínimo o seguinte contido:

1. Antecedentes da zona de reestruturación parcelaria de carácter público ou polos particulares.
2. Memoria detallada cos anexos necesarios para unha completa descrición das obras proxectadas.
3. Planos que definan as obras proxectadas.
4. Pregos de condicións.
5. Orzamento do proxecto de obras.

Artigo 70. *Entrega e recepción das obras*

1. As obras inherentes ao proceso de reestruturación serán recibidas pola administración na súa totalidade, salvo que excepcionalmente e cando así veña recollido no correspondente prego de cláusulas administrativas ou documento análogo, a Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural acorde a recepción e posterior entrega parcial ao Concello ou Concellos destinatarios das devanditas obras; todo iso previa proposta motivada do servizo provincial competente.

2. Procederá a entrega parcial, aínda cando non se completou a obra, sempre que a área que se pretende entregar constitúa unha unidade funcional directamente utilizable que poida ser entregada ao uso público.

3. O prazo de garantía da obra comezará a contarse desde a data da súa recepción, sexa esta parcial ou total.

TITULO VII **Financiamento e axudas**

Artigo 71. *Financiamento da reestruturación parcelaria*

A consellería competente en materia de desenvolvemento rural asumirá, total ou parcialmente –segundo o caso– os gastos da tramitación e execución dos procesos de reestruturación parcelaria de carácter público ou polas persoas particulares, sen prexuízo dos fondos que puidesen achegarse por parte doutras entidades e dos convenios de colaboración para a cofinanciación que se poidan subscribir con calquera outra administración, organismo, entidade ou particulares, para a execución de calquera das fases ou do proceso de reestruturación, todo iso de conformidade co disposto no Capítulo VI do Título I da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 72. *Axudas a explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común*



Aquelas explotacións, agrupacións de titulares e iniciativas de aproveitamento en común integradas no plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que cumpran cos requisitos sinalados no artigo 21 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, terán un trato preferente nas axudas e subvencións da consellería competente en materia de desenvolvemento rural, sendo en todo caso o procedemento de concesión en réxime de concorrência competitiva.

Artigo 73. Avaliación final de custos do proceso

1. Na avaliación final dos custos do proceso a que fai referencia o artigo 77 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, e respecto dos custos indirectos do proceso de reestruturación, hanse de ter en conta todos aqueles derivados do proceso de reestruturación, tanto humanos como materiais, e axustaranse á normativa vixente en materia de contratos do Sector Público.

2. Os anteditos custos serán avaliados pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, previo informe dos servizos provinciais por razón da zona e no cálculo hanse de ter en conta os gastos reais de cada proceso de reestruturación, que non se tiveron en conta como directos e cifraranse nunha porcentaxe destes, que será fixado pola Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural, para cada proceso de reestruturación e publicado na páxina web da consellería competente en materia de medio rural.

TITULO VIII.

Zonas de actuación intensiva

Artigo 74. Iniciativa e ámbito territorial

1. Nas zonas de actuación intensiva a iniciativa corresponderá ao Consello da Xunta, quen mediante decreto, a proposta do organismo competente en materia de desenvolvemento rural, identificará e declarará as zonas de actuación agraria prioritaria, previo informe do comité técnico asesor de reestruturación parcelaria regulado no artigo 14 da Lei 4/ 2015.

2. O límite do perímetro dunha zona de actuación intensiva, en todo caso, non poderá ser inferior a 200 hectáreas nin superior a 5.000 hectáreas. Non obstante estes límites poderán ser modificados previo informe favorable emitido polo comité de asesoramento das zonas de actuación intensiva.

3. Ademais dos criterios establecidos no artigo 80 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, tamén poderán ser seleccionadas como zonas de actuación intensiva, as zonas que teñan un alto valor socioeconómico de carácter especial derivado dunha análise pormenorizada da situación do territorio.

Artigo 75. Plan de actuación integral



1.A Consellería competente en materia de medio rural poderá promover un estudo coas directrices xerais sobre a zona, que puidese ser obxecto dun plan de actuación integral.

2. Este estudo será elaborado por un grupo multisectorial, do que poderán formar parte todos os departamentos ou consellerías da Xunta de Galicia con competencias no ámbito territorial da zona, e que conterà unha análise coas actuacións e aptitudes da mesma para a súa futura declaración como zona de actuación intensiva.

